

LISTA DE ASISTENTES

EQUIPO DE GOBERNO

Blas Varela, María Esther de
Caparrini Marín, Natalia
Doval Ruíz, María Isabel
Martín Moreno, José María
Michinel Álvarez, Miguel Ángel
Míguez Tabarés, José Luis
Ramos Cabrer, Manuel
Reigosa Roger, Manuel Joaquín
Rubio Armesto, María Belén
Soto Carballo, Jorge Genaro
Souto García, Raquel
Valderrama Santomé, Mónica

DECANOS/DIRECTORES

Cruz Freire, José Manuel
Cuiñas Gómez, Íñigo
Currás Valle, Consuelo
Ferro Soto, Antonio Carlos
García Cutrín, Francisco Javier
Garrote Velasco, Gil
Lantarón Caeiro, Eva María
Pardo Froján, Juan E.
Picos Martín, Juan
Reboreda Morillo, Susana
Rodríguez Martínez, Francisco Javier
Ruiz Hidalgo, Carmen

PDI-A

Collazo Fernández, Antonio
Falagán Mota, Jorge
Fernández Suárez, Emilio Manuel
Lorenzo Rodríguez, Edita de
Paz Penín, Concepción
Pazos Arias, José Juan
Peña Gallego, M^a de los Ángeles
Porteiro Fresco, Jacobo
Rivo López, Elena
Siota Álvarez, Mónica

PDI-B

Ferreiro Vázquez, Óscar
Torres Outón, Sara M^a

ESTUDANTES

Couto Cancela, Daniel
Gómez Fariñas, Beatriz
Rico Fuentes, Juan Jesús

PAS

Cebro Rodríguez, Xoán
Mollinedo Lois, Carlos

CONSELLO SOCIAL

Blanco Gómez, César
Calviño Rodríguez, Xulio
Pedrosa Silva, Ernesto

SINDICATOS

Pazos Currás, Marta María
Pérez Gómez, Luis
Ríos Santomé, M^a José
Vera Isasa, María

INVITADOS

Montero Reguera, José Francisco

DESCULPAN A SÚA AUSENCIA

García Señorán, M^a del Mar
Gómez Rodríguez, Alma M^a
Lavilla Beltrán, Isela

Acta da sesión ordinaria do Consello de Goberno da Universidade de Vigo do 1 de xullo de 2020, convocada para ás 09:30 h. en primeira convocatoria e ás 10:00 h. en segunda, na Sala 18 do Campus Remoto da Universidade de Vigo.

Ás 10:00 do día 1 de xullo de 2020 comeza a sesión, presidida polo reitor, na Sala 18 (Consello de Goberno) do Campus Remoto. O reitor, o secretario xeral e o vicerreitor de Ordenación Académica e Profesorado e outros seis membros asisten presencialmente no Paraninfo. Os restantes asistentes conéctanse on line, sen que consten particulares incidencias. Permítese asistir virtualmente, sen voz e sen voto, mediante un streaming con contrasinal por Uvigo TV. Previamente ao comezo da reunión, expúxose o seguinte aviso:

“Se hai problemas técnicos, inténtao de novo ou revisa se no teu correo te chega unha invitación a unha sala alternativa coa correspondente clave.

NORMAS

Conexión do micro e do vídeo:

- Para a identificación dos membros por parte do secretario xeral (antes do inicio da sesión)
- Nas quendas de palabra.

Intervencións: máximo 5 minutos

Uso do chat: para pedimentos de palabra e de “votación”.

En cada punto:

- Proposta de aprobación por asentimento
- Petición de intervención coa palabra “debate” no chat (un minuto)
- Se non hai petición de “debate” e de “votación”, procederase á aprobación por asentimento
- Se hai petición de “votación”, farase coa ferramenta da que dispón a aplicación nun tempo limitado
- Suma dos votos das persoas conectadas e dos membros presentes no Paraninfo que non estean conectados e anuncio do resultado das votacións por parte do secretario xeral”.

Por outra banda, as persoas da comunidade universitaria que manifestaron interese en asistir á reunión poden seguila mediante un enlace a UVigo TV cunha contrasinal que se lles comunicará antes do comezo da mesma.



Os puntos da orde do día son os seguintes:

1. Aprobación, se procede, das actas correspondentes á sesión ordinaria, do 2 de xuño de 2020, e extraordinaria, do 12 de xuño de 2020.

O reitor comenta que se recibiu unha aclaración da acta do día 2 de xuño sobre a intervención de Íñigo Cuiñas, que foi incorporada. Non constando máis peticións, apróbanse ambas por asentimento.

2. Informe do reitor.

O reitor procede a informar dos seguintes asuntos:

Celebrouse o Consello Galego de Universidades. O curso comezará o día 21, aínda que se poderán desenvolver actividades docentes, agás no primeiro curso. Carmen Ruiz pregunta sobre o tipo de actividades e o reitor responde que serán as que decida cada centro.

Estase a traballar na cláusula de corrección prevista para as cualificacións do alumnado. Comunicarase aos centros para que elaboren o informe correspondente, que é potestativo e non vinculante.

Haberá tres etapas en canto ao financiamento da Xunta. Primeiro solicitarase un adianto, e haberá dúas etapas adicionais na que virán fondos do Ministerio e Europeos.

Informa sobre a nosa posición no Ranking de Shanghái. Agradece os parabéns de César Blanco no chat a este respecto.

Chegaron as instrucións da Secretaría Xeral de Universidades sobre medidas de control sanitario, labor a facer coas guías docentes, elaboración de enquisas (o reitor describe os puntos da mesma) etc., cara ao comezo do curso que ven.

Gil Garrote pregunta “una consulta sobre la cláusula UVigo, entendí que ya se están haciendo las cuentas, ¿no habría que esperar a las calificaciones de la segunda oportunidad?. Hay muchas materias en las que aún no se han subido las notas al acta”. O reitor responde que estase a traballar na adecuación da cláusula ao acordado no Consello de Goberno.

3. Aprobación, se procede, da modificación no calendario académico para o curso 2020/21.

O reitor cede a palabra ao secretario xeral, quen explica que as distintas modificacións foron levadas a cabo dados os cambios no comezo do curso. A raíz dunha queixa da Facultade de CC. Económicas e Empresariais estívose a estudar o calendario. Comprobouse o que fixeron as distintas universidades, pero algúns rematan como o noso: Salamanca, USC, Murcia, Oviedo, etc... A meirande parte das universidades comprimiron o primeiro cuadrimestre, outras o moveron unha semana. Algúns decanos e directores xa adaptaron os horarios á situación. A proposta é non

modificar o calendario académico, agás os centros que soliciten ter unha semana máis. Pregunta se hai centros que teñan algún problema. O decano da Facultade de CC. Económicas e Empresariais expón que debe haber unha semana máis para aprobar o calendario académico, dado que non se cubrirían as 36 semanas mínimas que esixe o calendario, e pide que se retrase unha semana o calendario. O secretario xeral indica que segundo o disposto polo RD 1125/2003, cada crédito ECTS supón 25 horas de traballo para un estudante dedicado a cursar a tempo completo estudos universitarios, durante un mínimo de 36 e un máximo de 40 semanas por curso académico. Ante a modificación feita pola Xunta sobre o inicio do curso trasladándoo ao día 21, a Secretaría Xeral decidiu incluír no cómputo de semanas as correspondentes á segunda e terceira de setembro, xa que poderán levarse a cabo nas mesmas certas actividades académicas que os centros soliciten. O reitor propón que se manteña o calendario, sen prexuízo de que se poida estudar a situación específica da Facultade de CC. Económicas e Empresariais.

Íñigo Cuiñas indica que están a esperar polo que se decida no punto seguinte para establecer os horarios e pide que a posibilidade da Facultade de CC. Económicas e Empresariais se abra para todos os centros.

O reitor indica que debería ser unha decisión consensuada dos centros. Eva Lantarón comenta que o problema pode ser o volcado de actas. Comenta tamén os problemas que conleva o retraso da matrícula.

O reitor propón que se fará unha consulta aos decanatos sen prexuízo de manter o calendario actual e, de ser preciso, traerese novamente.

Apróbase manter o calendario actual, polo tanto, non é necesaria a súa modificación.

4. Aprobación, se procede, da modificación da normativa reguladora dos concursos de acceso aos corpos docentes universitarios e dos procedementos de selección de profesorado doutor con vinculación permanente na Universidade de Vigo.

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Ordenación Académica e Profesorado, quen explica que a modificación obedece á necesidade de adaptar as prazas en proceso de concurso á posibilidade de desenvolvemento virtual. Para tal efecto é preciso estender o concepto de “dependencias” da Universidade ás salas virtuais e que o concepto de “entrega” permita incluír asemade a posta a disposición da documentación por medios electrónicos. Finalmente, é preciso aplicar estas modificacións ás prazas en concurso actualmente. A normativa permite facer tanto oposicións virtuais como presenciais ou mixtas. Neste último caso, os membros pertencentes á Universidade de Vigo estarían presenciais. O asunto completárase coa resolución reitoral, establecendo a modalidade mixta, agás en casos onde non haxa ningún membro da Universidade de Vigo. Aprobeuse por asentimento na mesa do PDI.

No chat indica José Manuel Cruz que “hay profesores de la UVigo, miembros de los tribunales, que por instrucción del Servicio de Prevención de Riscos Laborais, solo pueden estar en su despacho”. O vicerreitor indica que teranse en conta os desprazamentos por Campus.

O texto a incluír no artigo 3 parágrafo 7 queda así:

“Para os efectos da presente normativa, o concepto de “dependencias” incluírá tanto as físicas como as virtuais xestionadas pola Universidade de Vigo, resultando ambas elixibles como lugar de celebración dos concursos, e o concepto de “entrega” incluírá a aportación da documentación en soporte tanto material como electrónico, así como por calquera medio telemático institucional que garanta a súa efectiva e inmediata posta a disposición das persoas destinatarias”.

E asemade,

“Disposición transitoria terceira. O disposto no parágrafo 7 do punto terceiro aplicarase aos concursos que, convocados antes da entrada en vigor da dita norma, estiveran aínda pendentes de celebración en tal momento”.

Apróbase a modificación da normativa proposta.

5. Aprobación, se procede, da modalidade de inicio da docencia nas distintas titulacións da Universidade de Vigo.

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Organización Académica e Profesorado, que lembra o íter previo deste asunto. Recibíronse e estudáronse as propostas dos centros e tráense as que proceden. Toda a docencia que non se aprobe como presencial comezará como modalidade mixta, no sentido acordado previamente por este mesmo Consello de Goberno. Hai moitas solicitudes de docencia presencial e o vicerreitor agradece a colaboración e dispoñibilidade do PDI da Universidade. Dez graos solicitan a modalidade de presencialidade total, dependendo de certas dispoñibilidades xerais de espazos. O vicerreitor de Ordenación Académica e Profesorado indica cales son. Tamén sinala as que solicitan unha presencialidade parcial (20 das 53 titulacións de grao), e as detalla por Campus. A continuación, fai o mesmo coas titulacións de máster, indicando que hai algúns que xa son virtuais, polo que non cambia o seu estado.

Consuelo Currás sinala no chat que o Máster de Comercio Internacional “tamén tiene modalidade presencial y para el próximo curso seguirá con la modalidad presencial total”. Susana Reboreda indica como procederon no seu centro, respecto dos másteres e dos graos. Debate co vicerreitor sobre outras posibilidades que poderían quedar abertas.

O vicerreitor de Ordenación Académica e Profesorado propón, a raíz da intervención de Susana Reboreda, aprobar todas as solicitudes presentadas en canto á presencialidade ou semipresencialidade. O que non se pode, neste momento, é aprobar modalidades virtuais, agás as que xa existían.

Antonio Collazo sinala que no listado de graos parcialmente presenciais non figura a Escola de Enxeñaría Industrial e fala do acordo levado a cabo na Comisión Permanente indicando que en todo caso esta interpretación supeditase aos comentarios que faga o director do centro, así como se podería incluírse. O vicerreitor de Ordenación Académica e Profesorado detalla a documentación que se recibiu e que está a agardar por unha solución final. O director, Juan Pardo, comenta que estase a traballar en que unha parte importante da docencia sexa presencial, nalgúns cursos, pero

están pendentes dalgúns datos para confirmar a súa capacidade de espazos a este respecto. Procederá a remitir información máis detallada.

Francisco J. Rodríguez comenta que entendeu que se debían solicitar titulacións presenciais e que por iso pediron só o máster. Pero certas prácticas do grao tamén o serán.

O vicerreitor de Ordenación Académica e Profesorado propón que o listado aprobado hoxe será una primeira listaxe que será actualizada no seguinte Consello de Goberno.

Emilio Fernández indica que existe gran variedade entre os informes presentados polos centros. Felicítase polos intentos de alcanzar a maior presencialidade posible. Comenta o caso singular da Facultade de Ciencias da Educación de Ourense. Pregunta se realmente aprobamos os documentos dos centros ou outra cuestión distinta, condicionada ao que quede para o próximo Consello de Goberno. O vicerreitor de Ordenación Académica e Profesorado comenta que hoxe apróbese simplemente autorizar aos centros que impartan docencia presencial e tamén as actividades a desenvolver entre o día 7 e 18 de setembro. Non se aproban os documentos completos presentados polos centros.

Respecto das actividades a desenvolver entre os días 7 e 18 de setembro, o vicerreitor detalla as distintas actividades propostas polos diferentes centros.

Francisco J. Rodríguez indica no chat que “nosotros no entendimos necesario pedir autorización para los exámenes de Fin de Carrera. Si es así también los tenemos del 14 al 18”. O vicerreitor indica que non hai problema en incluílos e conclúe agradecendo a labor desenvolvida por todos os equipos directivos dos centros a este respecto.

Apróbanse por asentimento as solicitudes presentadas polos centros sobre a modalidade de inicio da docencia para o curso académico 2020/21 en carácter de presencialidade e docencia mixta, así como as actividades docentes previstas entre o 7 e o 18 de setembro do 2020.

6. Aprobación, se procede, da conta de liquidación do orzamento do exercicio 2019 da Universidade de Vigo para o seu trámite ao Consello Social.

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Economía para que explique este punto da orde do día. O vicerreitor amosa en primeiro lugar a evolución da Universidade entre o 2014 e 2019 respecto dos orzamentos. Tamén comenta o indicador sobre a execución financeira durante o transcurso do Plan 2016-2020. Sinala os distintos documentos de que consta a conta anual, que foron enviados, e o proceso de aprobación da mesma. A continuación, comeza a expoñer en detalle as contas. Destaca que temos estabilidade no apartado de incorporación de remanentes. En canto ao resultado orzamentario indica que pechamos cun superávit de 2.134.999 euros. Fai alusión á comparativa de ingresos por capítulos no exercicio de 2019. Menciona tamén a situación do remanente de tesourería que empeorou lixeiramente respecto do ano 2018.

Apróbase por asentimento.

7. Aprobación, se procede, de varias solicitudes de incorporación con cargo ao remanente de libre disposición do exercicio 2019.

O reitor cede a palabra a Rodrigo Cerviño, do equipo xerencial, para que explique este punto da orde do día. Trátase de cuestións que xa foron aprobadas pola comisión correspondente do Consello Social. Detalla cada unha das solicitudes, que foron aportadas coa documentación correspondente.

Francisco J. Rodríguez pregunta pola partida do fondo de continxencia e Rodrigo Cerviño explica en que consiste a mesma (é a partida 500 nos orzamentos).

Apróbanse por asentimento.

8. Aprobación, se procede, das transferencias de crédito necesarias para cumprir cos obxectivos do Convenio de accións estratéxicas de I+D+i asinado coa Xunta de Galicia para os exercicios 2019-2020.

O reitor cede a palabra a Rodrigo Cerviño para que explique este punto da orde do día. Indica en que conste o convenio, que foi achegado co resto da documentación.

Apróbase por asentimento.

9. Aprobación, se procede, da corrección do erro na partida orzamentaria asignada ao Mestrado universitario en Neurociencia (111LP06) no orzamento 2020.

O reitor cede a palabra a Rodrigo Cerviño para que explique este punto da orde do día. Indica en que consiste a corrección, que xa foi aprobada na Comisión de Economía e na Comisión económica do Consello Social.

Apróbase por asentimento.

10. Aprobación, se procede, do alleamento de tecnoloxía á empresa Coinscrap Finance SL.

O reitor cede a palabra a Rodrigo Cerviño para que explique este punto da orde do día. Ten relación co punto de anterior. Apróbase asemade na Comisión de Economía e na Comisión económica do Consello Social.

Apróbase por asentimento.

11. Aprobación, se procede, do regulamento do persoal investigador visitante.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Investigación para que explique este punto. Belén Rubio expón as liñas fundamentais do regulamento, que foi aportado coa documentación:

1. Estadías temporais de investigación na Universidade de Vigo
 - duración superior a 7 días naturais e inferiores a 24 meses
 - duración inferior a 7 días se fai uso de equipos de laboratorio ou instrumentación científica, ou realiza calquera traballo de campo, etc.
2. As estadías deberán desenvolverse baixo a tutela dun investigador responsable (IR) da Universidade de Vigo.
3. Para investigadores/as predoutorais deberán formalizar a súa matrícula na UVIGO nun programa de doutoramento concreto ou no programa xenérico “EIDO” baixo a modalidade de matrícula de “Estadía” polo tempo de duración da mesma.
4. Á súa chegada á Uvigo o investigador visitante presentarse na Vicerreitoría de Investigación e lle será entregada a súa tarxeta.
 - Na data da súa partida, o investigador visitante deberá presentarse na Vicerreitoría de Investigación, entregar a súa tarxeta e recoller, no seu caso, a certificación acreditativa da súa estadía.
5. Dereitos do persoal visitante:
 - Biblioteca (préstamo de libros e bases de datos).
 - Conta de correo electrónico da Universidade de Vigo.
 - Wifi gratuíta da universidade.
 - Acceso ás instalacións das que deba facer uso en función da súa investigación.
 - Acceso aos servizos de extensión cultural e deportes nas mesmas condicións que o resto da comunidade universitaria.
 - Dereito á formación nas mesmas condicións que o resto da comunidade universitaria.
6. Deberes do persoal visitante:
 - Contratar un seguro de accidentes que inclúa a súa repatriación no caso de que fose necesaria.
 - Os investigadores predoutorais, ademais do seguro escolar, contratar un seguro de accidentes no caso de que realicen actividades sensibles.
 - Incorporarse na data prevista na carta de invitación e comunicar calquera cambio de data relacionado coa estadía.
 - Respetar a confidencialidade respecto das investigacións.
 - Respetar e coidar patrimonio e instalacións da Uvigo.
 - Citar á Uvigo nos traballos de investigación realizados durante a estadía.
 - O persoal visitante acepta a publicidade da súa estadía a través dos medios dispoñibles (páxina web da universidade, grupo, etc.)
 - O persoal visitante debe someterse durante a súa estadía as normativas propias da Uvigo, especialmente no relativo á prevención de riscos laborais, propiedade intelectual e protección de datos.
7. Deberes do investigador anfitrión:
 - Poñer á súa disposición os recursos e espazos necesarios para que se poidan levar a cabo as tarefas previstas.
 - Velar porque o persoal visitante siga as prácticas de traballo seguras establecidas pola normativa aplicable en materia de prevención de riscos laborais.
 - Seguir o procedemento detallado na páxina web da UVigo para o acollemento do persoal investigador visitante.

No caso de incumprimento deste deber, o anfitrión será o responsable final de todos os danos e reclamacións que poidan producirse durante a visita. Así mesmo, a UVigo poderá establecer, para este persoal anfitrión, limitacións no acollemento de visitantes no futuro.



Sinala unha modificación técnica na páxina tres, respecto do documento aportado, en canto á emisión das tarxetas nos Campus de Pontevedra e de Ourense.

Este documento entra no marco do programa do selo HR e foi aprobado na comisión.

Susana Reboreda comenta un aspecto específico en relación coa devolución da tarxeta e emisión do certificado nos Campus de Ourense e de Pontevedra. A vicerreitora está de acordo.

Apróbase por asentimento, coas modificacións técnicas apuntadas.

12. Aprobación, se procede, da modificación do punto 7 sobre prácticas externas do acordo do Consello de Goberno do 29 de abril do 2020, sobre o conxunto de actuacións previstas cara ao fin do presente curso académico a causa da situación creada polo estado de alarma causado pola crise da covid-19.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Captación de Alumnado, Estudantes e Extensión Universitaria para que explique en que consiste a modificación. O texto quedará como segue:

“O período de realización e avaliación das prácticas externas do último curso de titulacións de grao e máster amplíase **ata o 11 de decembro de 2020**, aplicándose en tal caso o indicado no punto 4 da Resolución Reitoral do 1 de abril (sobre as prácticas académicas externas e as bolsas de formación complementaria do curso 2019/2020 como consecuencia da súa suspensión temporal derivada da situación de crise sanitaria ocasionada pola COVID-19), que permite presentar e defender os traballos de fin de estudos (TFG ou TFM) aínda que non se completase e superase o período de prácticas curriculares”.

Aclara que na documentación achegada figuraba o día 31 de decembro, pero por razóns administrativas, debe cambiarse ao día 11 .

Apróbase por asentimento.

13. Elección dos membros da comisión de traballo recollida no Protocolo para a preparación de propostas específicas para os centros cara ao bienio 2020-2022.

O reitor explica que foi na última xuntanza do Consello de Goberno cando se aprobou a composición da comisión, e procede agora elixir aos membros.

O alumnado propón tres nomes: Santiago Domínguez Blanco, a claustral Aroa Vázquez Alonso e o claustral Luis Saúl Cid Vera, que quedan xa elixidos.

Eva M^a Lantarón Caeiro xa está nomeada polo seu ámbito.

Para o resto dos ámbitos, ofrécense voluntarios Francisco J. Rodríguez Martínez, Susana Reboreda Morillo e José Francisco Montero Reguera, que quedan asemade elixidos.

O PAS non presenta candidaturas.

Déixase aberto para o próximo Consello de Goberno a posibilidade de presentar máis candidaturas.

14. Quenda de intervencións.

Juan Jesús Rico Fuentes traslada a preocupación do alumnado sobre o transporte ao Campus ao inicio do vindeiro curso, dadas as circunstancias, pedindo que se reforcen as medidas de seguridade. Pregunta se hai data para apertura de zonas comúns e cafeterías. O reitor comparte a

preocupación polo transporte público e falará co Concello e coa concesionaria de autobuses. En canto ás cafeterías non haberá apertura xeneralizada ata setembro, xa que vaise permitir o teletraballo de xeito xeneralizado.

Íñigo Cuiñas centra a súa intervención no documento facilitado polo Servizo de Prevención de Riscos Laborais. Pensa que foi entregado con retraso, considerando a data que figuraba no documento e a da súa entrega efectiva, e que iso non sentou ben polos prazos tan exiguos. O documento modificaba completamente as condicións. O documento do día 19 de xuño contradecía, na súa opinión, os contidos comentados nunha reunión do día 22 coa Vicerreitoría de Planificación e Sostibilidade. Pregunta cando estará a versión definitiva do documento. Tamén se unha dependencia con ordenadores se considera aula ou laboratorio, dadas as diferencias que ao respecto aparecen no documento. Preocúpalle especialmente cando se fala da ocupación dos laboratorios de 5m² por cada persoa, baseándose no Código de Edificación, que de aplicarse literalmente modificaría toda a estrutura dos laboratorios da UVigo, con consecuencias nas PDAS. Pide que se revise con coidado o asunto da ocupación dos laboratorios, porque podería resultar en grupos máis pequenos e nun problema para a institución. Non só afecta ao curso que ven, senón a todo o futuro. Por outra banda, pregunta á Xerencia se o seguro de responsabilidade civil da Universidade cubre aos decanatos, así como aos profesores dos laboratorios, por ter ao alumnado facendo prácticas nas condicións descritas, durante o seu exercicio profesional e pide que se actúe ao respecto incrementando a póliza.

O reitor responde que haberá debate sobre estes temas. Pódese facer a consulta xurídica sobre a responsabilidade pero intervén Rodrigo Cerviño: hai dous seguros, un que cobre toda clase de actividades e outro respecto de equipos directivos. As actividades xerais quedan cubertas polo primeiro e as indicacións xerais que poidan indicarse ao profesorado polos órganos directivos, polo segundo. O reitor entende que haberá que reflexionar sobre a ocupación dos laboratorios, considerando as circunstancias excepcionais e a normativa que os regula, que é común para todo o Estado.

Antonio Collazo Fernández opina que “el Consello de Goberno no puede ir en contra de las indicaciones del Servicio de Prevención”. Íñigo Cuiñas Gómez pregunta “¿por qué se hicieron obras para crear laboratorios en estas circunstancias, muchas posteriores al Código de Edificación?”.

O vicerreitor de Planificación e Sostibilidade aclara como aconteceu o envío do documento ao que aludía Íñigo Cuiñas e descúlpase polo retraso, debido á espera das indicacións da Xunta de Galicia e outros organismos. Trátase de versións dinámicas, que cambian constantemente. Aclara asemade a cuestión do control de aforos, tal e como figura na proposta que se enviou. Pon varios exemplos da situación de indefinición actual. Comprométese a facer un documento que poderá poñer á disposición dos decanatos, se fose preciso, en canto ás medidas de seguridade. Íñigo Cuiñas indica que agradecería ese documento. O vicerreitor dálle a razón na cuestión de aclarar a denominación de aulas ou de laboratorios. Tamén comenta outros aspectos do documento. O reitor da a súa explicación persoal: que contemplamos unha separación de metro e medio para que o alumnado poida estar na aula sen máscara, con carácter xeral, cando non se teñen que mover ou manipular instrumental. Para os laboratorios experimentais, a idea é que o alumnado estea todo o tempo con máscara e pantalla facial, que serán proporcionadas aos centros, así como o uso de luvas en certas circunstancias.

No chat, Marta Pazos pregunta cando se vai a aprobar a presenza dos 4 representantes sindicais nas diferentes comisións que dependen do Consello de Goberno. Manuel Ramos responde que na situación cos antigos Estatutos había dous representantes nada máis e no regulamento non se indica nada ao respecto da representación en comisións. Pensa que debe estudarse en paralelo á modificación do Consello de Goberno e debaterse. Luis Pérez apoia a intervención de Marta Pazos e cre que a representación sindical nas comisións debe responder á nova realidade dos Estatutos.

No borrador do regulamento non se contempla. Pensa que ten máis sentido que haxa liberdade para os representantes decidir sobre a cantidade de representación. Opina que se trata dunha decisión política do equipo de goberno.

María José Ríos Santomé sinala que tamén hai autobuses que se moven dende as comarcas da contorna e entre os campus.

José Francisco Montero Reguera sinala que debe abandonar a reunión, así como María Jose Ríos Santomé, Consuelo Currás e Óscar Ferreiro.

Daniel Couto Cancela traslada dúas dúbidas: a primeira é unha reclamación sobre certas prácticas de estudantes en empresas xestionadas polo FUVI, dado que só hai unha persoa para levar este asunto alí, e quere saber se pode haber máis persoal para facilitar os trámites. A segunda é a posibilidade de desenvolver prácticas no mes de verán nun caso concreto. O reitor indica que anota o asunto da FUVI e que dará resposta. En canto á outra pregunta sinala que hai que contextualizalo na situación actual e que se poderá estudar, en relación coas circunstancias concretas desas prácticas. Terá que ser unha decisión compartida entre o equipo de goberno e o centro.

Juan Pardo Froján expón as súas dúbidas respecto da normativa sobre aforos e pide directrices máis claras e obxectivas, que non orixinen diferentes interpretacións, dado que supón un condicionamento forte para o desenvolvemento das actividades. Pon un exemplo dun posible problema en relación coa distancia de un metro e medio e as posibles diferenzas de interpretación. Entende que habería que ter máis claro o protocolo de actuacións. O vicerreitor de Planificación e Sostibilidade aclara mellor os criterios de ocupación de aula que están a plantearse para evitar que o alumnado deba utilizar máscara, dada a incomodidade que supón, e mellorar así o confort. Explica asemade o problema cos laboratorios experimentais. Tentarase de levar todo coa maior normalidade posible. Juan Pardo fala de que este tipo de situacións de ocupación de laboratorios xa planteaba problemas antes da COVID e agora vense multiplicados e haberá que dar as garantías necesarias cara a evitar riscos. Insiste na necesidade de concreción. O reitor entende que é mellor facer unha xuntanza cos directores e decanos.

Juan Pardo comenta sobre a extensión do período de prácticas e das lecturas para as defensas de TFG e TFM. Pregunta se as lecturas posteriores á data prevista gozarán de algunha exención de custos. O reitor entende que non haberá problema. Natalia Caparrini indica que se lle solicitou á Xunta e que estamos á espera do Decreto.

Susana Reboreda suxire aos decanos e directores que se presenten á comisión prevista no punto 13. E que se envíe desde a Vicerreitoría de Ordenación Académica e Profesorado un documento con directrices.

Ao non haber máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 13:00 h. do día 1 de xullo de 2020, da que eu como secretario xeral dou fe, co visto e prace do reitor.

O reitor

O secretario xeral